

RESOLUCIÓN DE SUBVENCIÓNS AO PROGRAMA CULTURA NO CAMIÑO CONVOCATORIA 2021

Por Resolución do 11 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21-22: Cultura no Camiño, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento CT302B, (DOG nº 117 Martes 22 de xuño de 2021) de conformidade ca base décimo primeira seguirase un procedemento abreviado en que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto da Dirección da Axencia, que os elevará á Presidencia da Agadic para a súa aprobación posterior, consonte o procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de subvención examinaranse e serán outorgadas sempre que cumpran os requisitos exixidos nesta convocatoria ata esgotamento de crédito, por orde cronolóxica, tendo en conta a data de entrada no rexistro.

Examinada a proposta de resolución do Director da Agadic con data 14 de xullo de 2021 e de conformidade, **resólvese**:

1. A concesión de subvencións aos seguintes expedientes con rexistro de entrada na Agadic que cumpren o establecido na convocatoria, e nas contías que se sinalan a continuación:

Nº	PROVINCIA	CONCELLO	NIF	HABITANTES	IMP.		Nº REXISTRO	DATA	HORA
					SUBVENCIONADO				
156	A Coruña	A Pobra do Caramiñal	P1506800J	9318	6.000,00 €		2021/1555422	25/06/2021	11:46:00
157	Pontevedra	Sanxenxo	P3605100A	17414	6.000,00 €		2021/1557195	25/06/2021	13:04:00
158	Lugo	Pantón	P2704100C	2457	6.000,00 €		2021/1604386	01/07/2021	12:33:00
159	Pontevedra	O Grove	P3602200B	10518	6.000,00 €		2021/1610272	02/07/2021	0:31:00
160	A Coruña	Santa Comba	P1507800I	9362	6.000,00 €		2021/1611634	02/07/2021	9:24:00
161	Pontevedra	Soutomaior	P3605300G	7426	6.000,00 €		2021/1614853	02/07/2021	11:49:00
162	A Coruña	Carballo	P1501900C	31429	6.000,00 €		2021/1618642	02/07/2021	14:40:00
163	Pontevedra	Lalín	P3602400H	20207	6.000,00 €		2021/1618683	02/07/2021	14:43:00
164	Lugo	Cospeito	P2701500G	4395	6.000,00 €		2021/1629335	05/07/2021	12:24:00
165	Pontevedra	Portas	P3604000D	2906	6.000,00 €		2021/1631457	05/07/2021	13:45:00
166	Lugo	Begonte	P2700700D	2978	6.000,00 €		2021/1631573	05/07/2021	13:49:00

2. A inadmisión de todas as solicitudes que entren, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, con data posterior ao día 05/07/2021 13:49:00 horas, momento no que queda esgotado o crédito global de 1.000.000 de euros da aplicación orzamentaria 10.A1.432B.760.0 do código do proxecto 2020-00001, en aplicación da base 4 da convocatoria.
3. Ordenar a publicación, en aplicación do artigo 31.4 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do esgotamento da partida orzamentaria asinada a esta convocatoria.

A presente resolución pon fin a vía administrativa, e contra ela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:



- Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución. (Artigos. 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).
- Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución. (artigo 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Notifíquese a presente resolución aos interesados, de conformidade co establecido na lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
O Presidente do Consello Reitor da Agadic

Román Rodríguez González

